

# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2023/9, Extraordinaria REALIZADA O venres 1 de setembro de 2023 .

### ASISTENTES

#### **Presidente:**

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

#### **Concelleiros/as:**

Partido Popular

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

CRISTINA CASAL DIZ

OSCAR BODELO GOMEZ

MARIA ISABEL LOPEZ PEREZ

Alternativa dos Veciños

SUSANA GUIMAREY GARCIA

INMACULADA MANTIÑAN INSUA

FRANCISCO BELLO HERMIDA

MARÍA MERCEDES CARIDAD LOPEZ

JAVIER LENDOIRO SANTOS

#### **Ausencias:**

PSdeG-PSOE

PATRICIA BLANCO FIDALGO (escusa a súa ausencia).

Alternativa dos Veciños

NATALIA PATIÑO CAÑAS (escusa a súa ausencia)

PP


CARLOS BARBEITO REY

#### **Secretaria:**

EVA JARDON LOPEZ

#### **Técnica de Administración Xeral**

SONIA CAMPOS ARES



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

HORA DE INICIO: 10:03

HORA DE REMATE: 10:13

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 10:03 do venres 1 de setembro de 2023, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto 461/2023 e segundo acordo plenario do 29 de xuño de 2023, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnen-se en sesión 2023/9, Extraordinaria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

## ORDE DO DÍA

### 1. Aprobación da acta da sesión anterior 8/2023

#### 2. Parte resolutiva

2.1. Ratificar a inclusión dos asuntos no orde do día (artigo 82.3 ROF)

2.2. Fixación días festivos locais ano 2024

2.3. Aprobación definitiva da modificación de crédito 15/2023, Transferencia de crédito 7/2023 entre partidas de distinto grupo de función.


### **1.- Aprobación da acta da sesión anterior 8/2023.**

O Alcalde pregunta aos concelleiros se teñen algo que dicir, sen que ningún deles faga observacións, polo que de conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais a acta considérase: APROBADA.

#### **2.- Parte resolutiva.**

##### **2.1.- Ratificar a inclusión dos asuntos no orde do día (artigo 82.3 ROF).**

O Alcalde explica que os días festivos teñen que remitirse antes do día 1 de setembro e para facer a remisión en prazo foi necesario convocar o pleno e ao non haber comisión informativa é necesaria a ratificación.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Pregunta aos concelleiros sen que ningún deles tome a palabra, procedéndose á votación da ratificación da inclusión dos asuntos na orde do día, co seguinte resultado:

Votos a favor: 10

0 PSdeG-PSOE

4 Partido Popular

6 Alternativa dos Veciños

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

Abstencións: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños


### 2.2.- Fixación días festivos locais ano 2024

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno:

#### **“ PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO**

#### **ASUNTO: Proposta de fixación de festas laborais locais do Concello de Carral para o ano 2024**

Logo de ver que en data 7 de agosto de 2023, rexistro de entrada 202300000001845 recibíuse escrito do Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, solicitando do Concello a proposta de determinación de festas laborais locais para o ano seguinte (2024), (de acordo co establecido no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo), e



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

a súa remisión ao departamento territorial da devandita Consellaría antes do 1 de setembro de 2023.

Tendo en conta que a celebración de plenos ordinarios ten lugar o último xoves dos meses impares, polo que prevese a celebración do mesmo para o último xoves do mes de setembro e polo tanto, con posterioridade a data fixada pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, xustifícase a necesidade inaprazable de convocar Pleno extraordinario.

Tendo en conta que, dos festivos tradicionais no Concello de Carral, Martes de Entroido que no ano 2024 celébrase o 13 de febreiro, e festa da Virxe do Socorro, que se celebra o 8 de setembro, o segundo deles coincidirán en domingo no ano 2024, considérase necesaria a modificación deste último, fixándose como festivo local o día de San Xoán, 24 de xuño de 2024.

En uso das atribucións que me confiren coma Alcalde os artigos 21.1 a), e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO**, coma órgano competente ao efecto, de acordo co artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, adopte os seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.**-Fixar como festas laborais locais do Concello de Carral (A Coruña) para o ano 2024:

-13 de febreiro de 2024 (Martes de Entroido)

-24 de xuño de 2024 (San Xoán).

**Segundo.**- Comunicar a proposta ao Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia antes da data que se indique pola súa banda.

Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

A Alcaldesa en funcións

Dona Susana Guimarey García”.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

O Alcalde explica que decidiron fixar como festivos o día 13 de febreiro de 2024 que corresponde co martes de entroido e 24 de xuño de 2024 que corresponde co día de San Xoán, xa que o 8 de setembro coincide domingo e pasouse ao día 24 de xuño.

Pregunta aos concelleiros se teñen algo que dicir, e toma a palabra don Jose Luis, para dicir que lles parece o mais correcto, aínda que podería sopesarse tamén o día de San Esteban, pero estamos de acordo, porque pensando na comarca na que a maioría dos Concellos teñen o día 24 como festivo.

Non habendo máis debate, procédese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 10

0 PSdeG-PSOE

4 Partido Popular

6 Alternativa dos Veciños

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

Abstencións: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

RESULTADO: Unanimidade.

ESTADO: Aprobada.

### **2.3.- Aprobación definitiva da modificación de crédito 15/2023, Transferencia de crédito 7/2023 entre partidas de distinto grupo de función.**

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno:



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## “ PROPOSTA DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** Modificación de crédito 15/2023, Transferencia de crédito 7/2023 entre partidas de distinto grupo de función

**EXPEDIENTE NÚMERO:** 2023/T002/000015

Visto que a data actual no Concello de Carral rexe o Orzamento prorrogado de 2021, sen que se espere aprobar un orzamento definitivo para 2023, cos problemas que elo conleva á hora de facer fronte aos gastos ordinarios aos que ten que facer fronte esta Corporación, así como na realización de investimentos de nova creación e o mantemento que foron xurdindo ao longo do ano 2023.

Visto que en data 27 de xullo de 2023 o Pleno do Concello de Carral aprobou inicialmente a modificación de crédito 15/2023, Transferencia de crédito 7/2023 entre partidas de distinto grupo de función.

Visto que dita aprobación foi publicada no BOP do 4 de agosto de 2023 e expostas ao público por un prazo de 15 días hábiles.

Visto o informe asinado en data 29 de agosto de 2023 pola auxiliar do rexistro do Concello de Carral do que resulta a presentación da seguinte alegación

Número de rexistro	Data de rexistro	Interesado
202300000001900	17/08/2023	Concelleiros do Partido Popular de Carral

Tendo en conta o informe asinado pola Interventora do Concello en data 29 de agosto de 2023 de conformidade co cal “(...) Esta Intervención considera que procede a DESESTIMACIÓN das alegacións por non atoparse dentro de ningún dos motivos enumerados no artigo 170.2 TRLRFL de reclamación á aprobación inicial da modificación rzamentaria, e, reitérase o mencionado anteriormente, que o trámite de presentación de reclamacións á aprobación inicial do Orzamento ou modificación orzamentarias non é unha vía para presentar calquera tipo de alegación, proposta ou demanda que pretendan realizar os interesados, senon que o trámite de presentación de alegacións está reservado unicamente aos motivos



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

anteriormente enumerados, de xeito que reclamacións ou alegacións que se fundamenten en causas distintas, deberían ser desestimadas.

Por outra banda, respecto a o informe emitido por esta intervención municipal, en data 17 de xullo de 2023, EFECTIVAMENTE existe un erro de transcripción no punto primeiro, parágrafo segundo, no que se sinala que a modificación de crédito ascende a un total de 404.580, 68 €, erro que se subsana a continuación nos cadros de altas e baixas da modificación orzamentaria, que se relacionan no parágrafo cuarto do mesmo punto primeiro do informe de intervención, coincidindo coa cantidade de modificación de crédito por importe de 411.383,68 € que propuso a Alcaldía para a súa aprobación polo pleno e que se aprobou inicialmente na sesión plenaria de 27 de . Porén, será corrixido por esta Intervención Municipal o erro material incluído no seu informe de 17 de xullo de 2023.

En relación á falla de crédito para atender a asistencia social primaria, na aplicación orzamentaria 231.22713, esta está garantida a través do documento contable RC nº 220230000085 por importe de 236.068,67 € emitido en data de 1 de xaneiro de 2023.


**CUARTO.- Conclusións.** En conclusión, esta Intervención informa que, en base aos argumentos expostos, procedería a desestimación da reclamación presentado polo Grupo Municipal Popular de Carral por non atoparse dentro dos motivos numerados no artigo 170.2 TRLRFL.

Por todo o anterior exposto, e de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, propoño ao Pleno do concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar definitivamente a seguinte modificación orzamentaria:

ALTAS

Aplicación	Descrición	Modificacións de crédito
132 62600	Seguridade e Orde Público. Equipos para procesos de información	12.000,00 €
135.48011	Protección Civil. Convenios con entidades sen ánimo de lucro	1.200,00 €



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I


Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

1532.22111	Pavimentación vías Públicas. Subministro de material de obras	60.000,00 €
1532.61900	Pavimentación vías Públicas. Outras obras de reposición de infraestructuras.	40.000,00 €
160.61900	Rede de sumidoiros. Outras obras de reposición de infraestructuras.	20.000,00 €
165.22100	Alumeado Público. Enerxía eléctrica	75.000,00 €
170. 48011	Administración xeral do medio Ambiente. Convenios con entidades sen ánimo de lucro	1.400,00 €
171.22711	Parques e Xardíns. Mantenmento de zoas verdes	30.000,00 €
312.22700	Hospitais, centros asistenciais e centros de saúde. Limpeza e aseo.	12.000,00 €
320.22100	Administración xeral de educación. Enerxía eléctrica.	15.000,00 €
320.22700	Administración xeral de educación. Limpeza e aseo.	5.000,00 €
3321.22100	Centros educación infantil. Enerxía Eléctrica.	3.000,00 €
3231.22700	Centros educación infantil. Limpeza e aseo.	5.000,00 €
326.22615	Servizos complementarios de educación. Actividades extraescolares	35.000,00 €
334.22620	Promoción cultural. Festas de Nadal	40.000,00 €
334.48000	Promoción cultural . A familias e institucións sen ánimo de lucro	1.600,00 €
341.22610	Promoción e fomento do deporte. Actividades e escolas deportivas	25.000,00 €
341. 4813	Promoción e fomento do deporte. Convenios con entidades sen ánimo de lucro	2.200,00 €
4311.22642	Ferías. Promoción das ferías	6.000,00 €
442.22706	Infraestructuras do transporte. Traballos e estudos técnicos	18.980,68 €
931. 35900	Política económica e fiscal. Outros gastos financeiros	3.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>411.380,68 €</b>

### BAIXAS

Aplicación	Descrición	Modificacións de
------------	------------	------------------





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

		<b>crédito</b>
011.3100	Débeda Pública. Xuros.	10.608,11
011.91100	Débeda Pública. Amortización de préstamos a longo prazo concedidos por Entidades do Sector Público	186.628,82 €
231.22713	Asistencia Social Primaria. Programa de axuda no fogar. Dependencia	50.000,00 €
231.22714	Asistencia Social Primaria. Programa de axuda no fogar. Libre Concorrenca	30.000,00 €
231.48002	Asistencia Social Primaria. Emerxencia Social.	40.000,00 €
241.47900	Fomento do Emprego. Outras subvencións a empresas privadas	37.743,75 €
920.22604	Administración Xeral. Xurídicos e contenciosos.	56.400,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>411.380,68 €</b>

**Segundo.-** Publicar a mesma no Boletín Oficial da Provincia.

Carral, na data da sinatura dixital ao marxe


A Alcaldesa en funcións,

Susana Guimarey García”.

O Alcalde explica que o 27 de xullo, en pleno ordinario, aprobouse provisionalmente unha modificación de crédito e o grupo popular de Carral presentou unha alegación o 17 de agosto co seguinte contido:

“(…) 1.- Se modifique a diferenza existente entre o informe de intervención de 404.580,68 e de 411.380,68 do resultado das modificacións entre partidas.

2.- Se garantice partida suficiente para atender a asistencia social primaria”.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

O Alcalde da lectura do informe de intervención e conclúe sinalando que procede a desestimación das alegacións.

O señor Mouriño toma a palabra para dicir que a alegación non se debería desestimar, porque a propia Interventora reconece que había un erro, o advertimos no seu día e poderíase corrixir, pero non quixeron vostedes ou non se explico ben a interventora. E seguimos mantendo que o diñeiro que queda para servizos sociais para o que queda de ano, parécenos que non vai ser suficiente.

O Alcalde procede á votación, pero ou señor Jose Luís pide que se explique e que se reconeza que hai un erro. O Alcalde di que xa se explico, que hai un erro que se emendará. O Alcalde dá a palabra á Secretaria, quen aclara que é un erro material do informe, non da proposta, que a proposta está correcta.

Non habendo máis debate, procédese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 6

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 6 Alternativa dos Veciños

Votos en contra: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 4 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños

Abstencións: 0

- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Partido Popular
- 0 Alternativa dos Veciños

**RESULTADO:** Maioría simple.

**ESTADO:** Aprobada.

As 10:13 horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretaria do Concello, dou fe.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I*

*Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)*

O ALCALDE

A SECRETARIA DO CONCELLO

Francisco Javier Gestal Pose

Eva Jardón López